



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE XUÑO DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTEUN DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e a concelleira **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**. Asiste igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **JESÚS TABOADA LÁZARA**
MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO**, (O secretario accidental pon de manifesto que a súa asistencia a sesión da Xunta de Goberno Local, limitase unicamente a dar fe da celebración da citada sesión, sen entrar no estudo dos expediente, por non estar habilitado ao efecto.)

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 2º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS AO ABEIRO DO PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL.**
- 3º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE UN VEHÍCULO TRACTOR DESTINADO O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO.**
- 4º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE DUAS DESBROZADORAS DE BRAZO DESTINADAS O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO.**
- 5º.- **URBANISMO.**

1º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**

1.1.- **Acordos de Emerxencia Social.**

A proposta da Sra. Conselleira, e co informe preceptivo da traballadora social do Concello, Mª Celia González Peteiro, de data 17 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **S/**
el, or importe de 144,00 € como pago delegado, á

Xunta de Goberno Local de 21 de xuño de 2016

Páxina 1 de 28

presentación da factura, de:

- Ramón Otero Silva (Óptica Silva)
Presupuesto nº 21022/1ST de 16.06.16 por importe de 144,00 €

2º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS AO ABEIRO DO PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL.

Polo Alcalde dase conta do convenio asinado **Convenio de Colaboración entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias ao abeiro do procedemento de Regularización Catastral**, que transcríbese a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS AO ABEIRO DO PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL

En Santiago de Compostela, 23 de maio do 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Valeriano Martínez García, na súa condición de Conselleiro de Facenda e de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, da Xunta de Galicia e do seu Presidente, e o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

E doutra, D. Alfredo L. García Rodríguez na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, en nome e representación da mesma, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 44 e 46.1 b) dos seus Estatutos.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

I

Corresponde á Consellería de Facenda o exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía. E, corresponde á Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) a colaboración especialmente coas administracións tributarias da Administración local, segundo o previsto no artigo 8.3 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP) é unha Asociación constituída polos Entes Locais que voluntariamente o decidan, gozando de personalidade xurídica plena e pública para o

desenvolvemento que lle son inherentes, gozando de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos ou obrigas, figurando entre os seus fins a representación e defensa das Entidades Locais, a promoción das competencias locais e calquera outro que afecte ou incida directa o indirectamente nos seus asociados.

Os Municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e cauce inmediato de participación cidadán nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade. E as Provincias son entidades locais con personalidade xurídica propia, que gozan de autonomía para xestionar os intereses propios das correspondentes colectividade.

II

O estado español, dentro das competencias que lle son propias, ven desenvolvendo no período 2013-2016 un procedemento de regularización catastral coa finalidade de incorporar ao Catastro Inmobiliario os bens inmobles urbanos e rústicos con construción, así como as alteracións das súas características, para garantir a adecuada concordancia da inscrición catastral dos devanditos bens coa realidade dos mesmos.

É innegable que este tipo de procedementos presentan un marcado carácter técnico que, en ocasións, fai que a súa razón de ser, alcance e consecuencias escape do coñecemento do cidadán medio que necesita, por eses motivos, de asesoramento para valorar e comprender os devanditos procedementos e, no seu caso, efectuar as alegacións a que haxa lugar.

Por outra banda, a regularización catastral pode supoñer para os concellos en cuxos termos municipais se desenvolvan un reto tanto en termos de atención e asistencia aos seus veciños, como a nivel organizativo e de xestión interna, dadas as repercusións que do mesmo podan derivar no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario; sen descoñecer que, en ocasións, esta regularización pode carregar para os entes locais a conveniencia de adecuar as súas ordenanzas fiscais no que atinxe as súas competencias normativas para dar un adecuado encaixe á nova realidade catastral resultante dos devanditos procedementos.

Por estes motivos, o Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión de data 16 de marzo de 2016, aprobou unha proposición non de lei en cuxo punto terceiro instábase á Xunta de Galicia a establecer fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlle o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que os soliciten en relación coas súas competencias normativas no imposto sobre bens inmobles e as repercusións que estas podan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

III

Atendendo ao exposto ata agora, e no marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 4.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, tanto a Consellería de Facenda, a ATRIGA como a FEGAMP consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de colaboración que permita asistir aos concellos no exercicio das súas competencias normativas no imposto sobre bens inmobles para así garantir os principios de legalidade, eficacia, eficiencia e responsabilidade na xestión tributaria; establecendo ao mesmo tempo un reforzo a abrigo de prestar asistencia aos veciños por parte das entidades locais, coma administracións máis próximas ao cidadán.

IV

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e as Entidades Locais de Galicia asociadas á FEGAMP que se adhiran ao presente convenio, polo que se preste un servizo de asesoramento aos devanditos concellos, que así o soliciten, respecto do exercicio das súas competencias normativas en relación ao imposto sobre bens inmobles e a súa repercusión no ámbito financeiro e equilibrio orzamentario dos mesmos; implementando á súa vez un reforzo das garantías do axeitado desenvolvemento do procedemento de regularización catastral do que están a ser obxecto os inmobles radicados en diversos concellos galegos.

SEGUNDA.- Obrigas derivadas do presente convenio

O presente convenio obriga ás partes asinantes e ás entidades locais que se adhiran ao mesmo a prestarse a máxima colaboración para lograr o mellor logro dos fins perseguidos.

En particular, a Axencia Tributaria de Galicia comprométese a prestar asesoramento en materia tributaria aos Concellos que se poidan adherir a este convenio no relativo ao exercicio polas corporacións locais das competencias que legalmente teñen recoñecidas no imposto sobre bens inmobles e, a Consellería de Facenda, a comprobar a súa incidencia na estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira.

Así dependente da Área de colaboración social, información e asistencia na ATRIGA, existirá unha unidade que, unha vez que a Entidade local subscriba a cláusula de adhesión do Anexo 1, porase en contacto co interlocutor que esta designe iniciándose o asesoramento en función do grado de desenvolvemento do proceso de regularización catastral no que se atope o Concello.

Unha vez que o devandito Concello informe sobre este extremo, o asesoramento centrarase nos seguintes aspectos:

- Se o proceso aínda non se iniciara, daráselles información xeral sobre o procedemento de regularización catastral 2013-2016.
- Se xa estivese en curso, asesorarase ao Concello dos dereitos e obrigas dos veciños para dar efectividade aos compromisos asumidos polas entidades locais neste Convenio.
- Se estivese concluído, o asesoramento desenvolverase no relativo ao exercicio polas corporacións locais das competencias que legalmente teñen recoñecidas no imposto sobre bens inmobles e os seus efectos, así como na análise do cumprimento das regras fiscais a que fai referencia a lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e demais normativa de aplicación.

Pola súa banda A FEGAMP obrigase a:

- Trasladar ás Entidade Locais o presente convenio e promover a súa adhesión ao mesmo. Neste sentido, a FEGAMP difundirá entre as entidades locais galegas por escrito as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se deriva, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión, promovendo esta.
- Levar a cabo as labores de intermediación entre as partes cando lle sexa solicitado e dentro dos seus fins.

Por último os concellos adheridos comprométense a :

- Informar á ATRIGA, a través do interlocutor designado ao efecto, do grado de desenvolvemento do proceso de regularización catastral no que se atope no prazo máximo dun mes dende a recepción da cláusula de adhesión pola devandita Axencia.*
- Prestar aos seus veciños a axuda e información precisa para un mellor entendemento da natureza, finalidade, tramitación e repercusións do procedemento de regularización catastral sinalado no expositivo do presente convenio.*
- Proporcionar os datos necesarios relativos ao IBI e a información económica que obren no seu poder e requiridos pola unidade designada ao efecto para o correcto cumprimento das obrigas derivadas do presente Convenio.*

TERCERA .. Obriga de sigilo

As autoridades, funcionarios e o resto de persoal que teñan coñecemento dos datos ou información subministrados por causa deste Convenio estarán obrigados amáis estrita e completa observancia do deber de sigilo respecto deles. A violación desta obriga implicará incorrer nas responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes.

CUARTA .. Efectos da subministración de información

A subministración de información realizada ao abeiro deste Convenio non terá outros efectos que os derivados do obxecto e a finalidade para a que os datos foron subministrados.

QUINTA .. Organización para a execución do Convenio

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co procedemento de subministración de información establecida por este Convenio que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente Convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por dous representantes nomeados polo Conselleiro de Facenda e outros dous nomeados polo Presidente da FEGAMP. En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse calquera outros funcionarios que se considere necesario.

A Comisión reunirse a instancia de calquera das partes e, en todo caso, ao remate da vixencia do convenio para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerase en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente Cláusula, pola normativa específica en vigor.

SEXTA. - Resultados da aplicación do Convenio

Para avaliar a eficacia do presente Convenio, a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a FEGAMP comprométense, ao remate da súa vixencia, a determinar os resultados derivados da colaboración que se efectúe ao abeiro do disposto neste Convenio, que serán analizados conxuntamente no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

SÉTIMA.- Procedemento de adhesión

Tras a sinatura do presente convenio entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a

FEGAMP, todas as Entidades Locais de Galicia asociadas á FEGAMP que o desexen poderán adherirse ao mesmo. Para elo, formalizarán a Cláusula de Adhesión que se achega como ANEXO I a este convenio ante a Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, A ATRIGA remitirá copia das Cláusulas de Adhesión á FEGAMP e a Consellería de Facenda.

As devanditas adhesións serán inscritas no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

OIT AVA.- Prazo de vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2017. Porén, se chegada dita data non rematara o procedemento de regularización catastral sinalado no expositivo deste convenio, o mesmo poderá prorrogarse mediante a subscripción dunha addenda cun mes de antelación á finalización do devandito prazo de vixencia.

NOVENA. - Financiamento

As actuacións previstas no presente Convenio, en canto supoñen a contratación de entre dous a cinco funcionarios postos base, subgrupo A2, variable segundo o número de Concellos que se adhiran ao mesmo, xerará un gasto, en cómputo anual, entre 65.794,00€ e 164.484,98€, respectivamente, que se realizará con cargo ás partidas orzamentarias da ATRIGA 06.A2.621A.120.24 e 06.A2.621A.160.00.

DÉCIMA. - Natureza administrativa

O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público en virtude do art. 4.1 e) do mesmo. As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista no presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

Segundo o disposto na Disposición Adicional 2a da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, o presente convenio require autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asínano por triplicado a un só efecto na data e lugar indicados no encabezamento.

POIA CONSELLERÍA DE FACENDA
E POLA AXENCIA TRIBUTARIA DE
GALICIA
Valeriano Martínez García

POLA FEDERACIÓN GAIEGA DE
MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Alfredo L. García Rodríguez"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA comunicar a Dirección Xeral da Axencia Tributaria de Galicia;



1º.- A vontade do Concello de Silleda, cuxa representación ostenta, de adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio de colaboración suscrito o 23 de maio de 2016 entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincia para a asistencia no exercicio de competencias relativas ao procedemento de regularización catastral, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas e cada unha das súas cláusulas.

2º.- Designar como interlocutor a Manuel Cuiña Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Silleda.

3º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE UN VEHÍCULO TRACTOR DESTINADO O SERVIZO DE MANTENIMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO.**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 14 de xuño de 2016, acordou:

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ante as dúbidas surxidas, pedir informe técnico das ofertas presentadas a Asesoría Técnica especializada Xeromtec, para posteriormente valorar as mesmas."

Visto que pola empresa Xeromtec, con data 17 de xuño de 2016, emítese o informe solicitado, visado polo Colexio Oficial en data 20.06.2016, nº 2016907724, e asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Dº Francisco Javier Cuevas Amador, que literalmente dí:

"3 CONSIDERACIONES FINALES

Vistos los datos presentados, y atendiendo a las bases:

En el apartado 6b establecen la obligación de indicar el ángulo y radio de giro, la oferta del tractor KUBOTA M9960: NO CUMPLE.

En el apartado 7 establecen la obligación de indicar las medidas de los neumáticos instalados, las ofertas de los tractores CLAAS Atos 350DT y NEW HOLLAND T4 105 WD: NO CUMPLEN.

Considerando que el peso del tractor es determinante en la estabilidad del equipo durante las tareas con la desbrozadora de brazo y siendo exigible un mínimo de 3500kg en el apartado 11 de las bases, la oferta del tractor KUBOTA M9960: NO CUMPLE.

Desde el punto de vista de la seguridad, se exige en el apartado 13 una cabina de seguridad homologada. Solo en la oferta de CASE Farmal 105C, se indica la homologación en las categorías ROPS, FOPS y OPS, siendo esta última adecuada para el trabajo con desbrozadoras de brazo (protección frente a la penetración de objetos).

En base a estos criterios se informa favorablemente a favor de: CASE Farmal 105C"

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de *Un vehículo tractor polivalente destinado ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do Concello de Silleda* a empresa AGROMAQUINARIA SILLEDA, S.L., polo prezo de 41.322,00 € mais 8.677,62 € de IVE, ascendendo o **prezo de adxudicación IVE incluído a 49.999,62 €**

Segundo.- Requirir ao adxudicatario, segundo establece a cláusula décimo segunda (requerimento de documentación) do Pliego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público xa que a achega inicial da documentación foi substituída por unha declaración responsable do licitado), así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Asimesmo, e dacordo co establecido na cláusula décimo terceira (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Adminsitrativas, o adxudicatario deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

4º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE DUAS DESBROZADORAS DE BRAZO DESTINADAS O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 14 de xuño de 2016, acordou:

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ante as dúbidas surxidas, pedir informe técnico das ofertas presentadas a Asesoría Técnica especializada Xeromtec, para posteriormente valorar as mesmas."

Visto que pola empresa Xeromtec, con data 17 de xuño de 2016, emítese o informe solicitado, visado polo Colexio Oficial en data 20.06.2016, nº 2016907722, e asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Dº Francisco Javier Cuevas Amador, que literalmente dí:

"3 CONSIDERACIONES FINALES

Vistos los datos presentados, al no existir diferencias fundamentales entre las características técnicas presentadas, entendiendo el tipo de tarea a realizar con la máquina, y que todas deben de cumplir los requisitos legales de seguridad y de marcado CE, un menor alcance y peso propio son favorables en la estabilidad del equipo durante el trabajo y aunque el uso de aceros de alto límite elástico y antidesgaste puede repercutir favorablemente en el peso y la duración la máquina, no es posible determinar dicha circunstancia al carecer del peso de HTG 6.0. Se observa que ORSI Leader GP-509 establece una mejora de extensión de garantía de ciertos componentes estructurales a 3 años.

En base a estos criterios de estabilidad y garantía se informa favorablemente a favor de: ORSI Leader GP-509"

Visto que la oferta económica presentada por Mecánica do Campo S.L. supera o importe do contrato, a Xunta de Goberno Local acorda excluir a esta Empresa.

Visto que según informe emitido por Xeromtec as ofertas presentadas por Hermanos Villar, S.L. e por Agromaquinaria Silleda S.L. cumpren coas características solicitadas.

Vista que a valoración das ofertas presentadas por Hermanos Villar, S.L. e por Agromaquinaria Silleda S.L. é a seguinte:

EMPRESA	Oferta Económica	Melloras	Garantía do suministro	TOTAL
Hermanos Villar S.L.	0	0	0	0
Agromaquinaria Silleda S.L.	80	0	0	80

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de "**Duas desbrozadoras de brazo destinadas ao servizo de mantemento e limpeza de redes viarias do Concello De Silleda**" a empresa AGROMAQUINARIA SILLEDA, S.L., polo prezo de 27.000,00 € mais 5.670,00 € de IVE, ascendendo o **prezo de adxudicación IVE incluído a 32.670,00 €**, así como a valoración pola desbrozadora usada que aporta o Concello (Marca Orse, modelo RIV 651LX, nº de serie 6076) polo importe de 2.850,00 €

Segundo.- Requirir ao adxudicatario, segundo establece a cláusula décimo segunda (requerimento de documentación) do Pliego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público xa que a achega inicial da documentación foi substituída por unha declaración responsable do licitado), así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Asimesmo, e dacordo co establecido na cláusula décimo terceira (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Adminsitrativas, o adxudicatario deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

5º.- URBANISMO.

5.1.- Ampliación, reforma e adecuación de cortes de vacún no paraxe de Besadas, lugar de Cumbraos - parroquia de Escuadro. Ramón Fuentes López en representación de FENTES VIDAL CUMBRAOS Nº 20, S.C.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Ramón Fuentes López, en representación de FENTES VIDAL CUMBRAOS, Nº 20 S.C., Rexistro de Entrada nº 1042 de data 12 de marzo de 2016, para a ampliación, reforma e adecuación de cortes de vacún no paraxe de Besadas, lugar de Cumbraos, parroquia de Escuadro (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión.

Visto o informe xurídico de, de data 15 de xuño de 2016, emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, no que se manifesta a súa conformidade có expresado no informe técnico de data 15 de xuño de 2016.

Visto o informe emitido o 15 de xuño de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*"Solicitante: Ramón Fuentes López e.r. FENTES VIDAL CUMBRAOS Nº 20, S.C.
Data de rexistro: 12.MAR.2016 Nº: 1042 Data escrito: 11.MAR.2016
Solicitude: Ampliación, reforma e adecuación de cortes de vacún.
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 2.070,43 m2
Emprazamento: Paraxe "Besadas", Cumbraos, Escuadro
Referencia catastral: 36052E506004780000HZ Superficie catastral: 2.420 m2.
Autor do Proxecto: Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. nº 579
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 31/03/2016, nº 20160165
Dirección de Obra: n/d
Dirección de Execución: n/d
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 124.848,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 LOUGA (L.9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

14 Planeamento do Concello de Silleda

14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Ramón Fuentes López e.r. FUENTES VIDAL CUMPBRAOS Nº 20 S.C., presentada con R.E. 1042 de 12.MAR.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Francisco Pérez Donsión e xustificante de pago de taxas municipais.

2. Segundo se indica na memoria, "preténdese a construción e reforma de edificios e a dotación dos servizos necesarios para o normal e correcto funcionamento da explotación". Para elo, preténdense as seguintes obras:

Obras:	
Ampliación do establo libre de vacún	73,39
	23,35
Ampliación de foxa de xurro	48,50
Almacén de maquinaria- productos	526,55
Construción de forxado	24
	24
	18
	15,47
	26,25
Execución de soleira, cornadizas, sala de partos e patio	343,65

3. Xunto co proxecto técnico apórtase copia das seguintes licenzas:

3.1

4. O 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a Lei do Solo de Galicia, cuxa disposición derradeira sexta sinalaba o prazo de un mes para a súa entrada en vigor. A falta de maior concreción sobre o período transitorio, para solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor, e que aínda se encontran en prazo legal para resolver, estímase de aplicación a anterior Lei 9/2002,

5. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

6. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

7. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación, reforma e adecuación de cortes de vacún**, está clasificado como **solo de núcleo rural histórico-tradicional**.

8. O uso solicitado encadra dentro do artigo **33.2.b)** da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 37, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

9. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

CUMPRE

1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) *Garanti-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.*

SI

b) *Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.*

SI

c) *Cumprir as seguintes condicións de edificación:*

- *A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.*

D.T. 11ª

- *O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.*

D.T. 11ª

- *As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.*

SI

- *Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellería competente na materia. (Texto engadido pola Lei 2/2010).*

D.T. 11ª

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.

SI

- Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

SI

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.

Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguirla maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

SI

Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.

D.T. 11ª

As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

n/d

Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

SI

e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.

Consta
compromiso
de
execución
asinado polo
promotor

f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza.

g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.

2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.

Non procede

Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais.

CUMPRE



1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprarán as seguintes:

a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.

D.T. 11ª

b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).

33.2.b

2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.

Non procede

Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.

Non procede

Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.

3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.

Non procede

4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

SI

O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.

Título III- Normas de aplicación directa

CUMPRE

Capítulo I- Disposicións xerais

Artigo 104. Adaptación ó ambiente.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

Non procede

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede

Artigo 106. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.	N/d
En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.	
2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede

10. Con respecto á avaliación de incidencia ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto no artigo 38 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao non tratarse de "modificación substancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

Artigo 38. Modificacións substanciais de actividades sometidas a declaración de incidencia ambiental

1. Estarán tamén sometidas a previa declaración de incidencia ambiental as modificacións substanciais das actividades comprendidas no anexo.
2. Consideraranse substanciais as modificacións das instalacións ou procesos vinculados á actividade de cuxa realización derive a superación dos seguintes límites:
 - a) O incremento superior ao 50 % da capacidade produtiva da instalación.
 - b) O incremento superior ao 50 % das materias primas empregadas no proceso produtivo.

- c) O incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50 %.
- d) O incremento superior ao 25 % das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
- e) O incremento superior ao 50 % da vertedura de augas residuais.
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estaren inicialmente previstos.
- g) O incremento nun 25 % dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por riba do 25 % de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.
- i) A aplicación dos limiares sinalados no parágrafo 1 terá carácter acumulativo durante todo o tempo de desenvolvemento da actividade.

3. Nas modificacións das actividades comprendidas no anexo que non teñan a consideración de substanciais observarase o previsto no artigo 27 desta lei.

11. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	2300	3000	3000	DT11ª
Altura de cornixa	6,30	7,00 m	7,00	DT11ª
Ocupación máxima	90 %	20%	20%	DT11ª
Superficie ocupada en planta				Si
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	0	5 m	5 m	D.T. 11ª
Separación a vía pública	4 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

15. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

15.1 Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

15.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

15.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

15.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

15.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

15.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

15.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre-torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

15.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

16. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a FUENTES VIDAL CUMBRAOS Nº 20 S.C. para ampliación, reforma e adecuación de cortes de vacún no PARAXE Besadas, lugar de Cumbraos, parroquia de Escuadro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E506004780000HZ, dacordo con informes anteriormente transcritos, indicándolle que:

- 1º.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

- 2º.- Non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

5.2.- Ampliación de explotación avícola de cebo no lugar de Xastres - parroquia de Refoxos. Benjamín Valiñas Núñez, en representación de GANADERÍA VALIÑAS NÚÑEZ.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Benjamín Valiñas Núñez, en representación de GANDERÍA VALIÑAS NÚÑEZ, Rexistro de Entrada nº 1304 de data 31 de marzo de 2016, para a ampliación de explotación avícola de cebo, lugar de Xastres, parroquia de Refoxos (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade.

Visto o informe xurídico de, de data 21 de xuño de 2016, emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, no que se manifesta a súa conformidade có expresado no informe técnico de data 21 de xuño de 2016.

Visto o informe emitido o 21 de xuño de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: Benjamín Valiñas Núñez e.r. GANADERÍA VALIÑAS NÚÑEZ
Data de rexistro: 31.MAR.2016 N°: 1304 Data escrito: 31.MAR.2016
Solicitude: Ampliación de explotación avícola de cebo.
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 2.096,50 m2
Emprazamento: Xastres, parroquia de Refoxos.
Referencia catastral: 36052A06700117, 36052A06700127 Superficie catastral: 14.143 m2.
e 36052A06700135
Autor do Proxecto: Óscar J. Pose Andrade, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. nº 1430
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial nº 461/16 (C)
Dirección de Obra: n/d
Dirección de Execución: n/d
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 406.136,16 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 4 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 5 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 6 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 7 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 8 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

9 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

10 *Planeamento do Concello de Silleda*

- 10.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 10.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 10.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 10.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 10.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 10.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 10.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 10.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 10.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 10.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 10.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 10.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 10.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

11 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. *Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Benjamín Valiñas Núñez e.r. GANADERÍA VALIÑAS NÚÑEZ, presentada con R.E. 1304 de 31.MAR.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Óscar J. Pose Andrade e xustificante de pago de taxas municipais.*

2. *Segundo se indica na memoria, preténdese a ampliación dunha edificación existente, mediante a construción dunha*

Dependencia	m2
Nave de cebo avícola	2040 m2
Anexo para aseo- oficina	16,00 m2
Anexo para xerador	16,00 m2
Construción dunha plataforma para silos	24,50 m2

3. *Por outra banda, na parcela existen as edificacións que se sinalan a continuación:*

Dependencia	m2
Granxa avícola	1012,50
Garaxe	15,00
Foxa de cadáveres	36,00

4. *Xunto co proxecto técnico apórtase copia de licenzas e/ou recoñecementos das seguintes dependencias*



construídas:

- 4.1 Recoñecemento de explotacións agrícolas en xunta de goberno de 18/NOV/2004 para:
 - 4.1.1 Edificación destinada a **granxa**, cunha superficie construída total de **1012,5 m2** en planta baixa.
 - 4.1.2 Edificación destinada a **garaxe**, cunha superficie construída total de **15 m2** en planta baixa.
 - 4.1.3 Edificación destinada a **foxa de cadáveres**, cunha superficie construída total de **36 m2** en planta baixa.

5. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

6. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 10.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

7. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 10.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de explotación avícola de cebo**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

9. Faise constar que o que se sinala como parcela é a agrupación de diversas fincas catastrais (117, 127 e 135 do mesmo polígono 67). Non consta na documentación aportada, salvo erro ou omisión involuntarios, **escritura de agrupación dos ditos predios**. Do mesmo xeito, o cómputo da suma das superficies catastrais das parcelas nas que se pretende a ampliación non coincide coa sinalada na memoria. Polo tanto, **debería regularizarse esta situación ante Catastro**.

10. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.a) da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio. Mesmo tratándose da ampliación dunha explotación existente a 1 de xaneiro de 2003, sería de aplicación o réxime xeral do artigo 39 da Lei do Solo de Galicia, tal e como sinala tamén o artigo terceiro da "Instrución 1/2016, do 29 de abril, sobre o réxime aplicable ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria existentes no momento da entrada en vigor da Lei 9 2002".

11. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

CUMPRE

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

SI

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

SI

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

SI

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

SI

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

SI

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

SI

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: - Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situálas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m). - A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas. - A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela. - Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo. - Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros. - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. - Mantérase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.	SI
g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular. Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.	SI
Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE

As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumpriran as seguintes: As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	SI
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Non procede
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Non procede
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Non procede
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26. 1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

12. Con respecto á avaliación de incidencia ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto no artigo 38 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao non tratarse de "modificación substancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

Artigo 38. Modificacións substanciais de actividades sometidas a declaración de incidencia ambiental

1. Estarán tamén sometidas a previa declaración de incidencia ambiental as modificacións substanciais das actividades comprendidas no anexo.
2. Consideraranse substanciais as modificacións das instalacións ou procesos vinculados á actividade de cuxa realización derive a superación dos seguintes limiares:
 - a) O incremento superior ao 50 % da capacidade produtiva da instalación.
 - b) O incremento superior ao 50 % das materias primas empregadas no proceso produtivo.
 - c) O incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50 %.
 - d) O incremento superior ao 25 % das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
 - e) O incremento superior ao 50 % da vertedura de augas residuais.
 - f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estaren inicialmente previstos.



- g) O incremento nun 25 % dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por riba do 25 % de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.
i) A aplicación dos límites sinalados no parágrafo 1 terá carácter acumulativo durante todo o tempo de desenvolvemento da actividade.

3. Nas modificacións das actividades comprendidas no anexo que non teñan a consideración de substanciais observárase o previsto no artigo 27 desta lei.

13. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Exixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	14143	3000	3000	DT11ª
Altura de cornixa	3,30 m	7,00 m	7,00	DT11ª
Ocupación máxima	22,34%	20%	20%	DT11ª
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 6 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 6 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

14. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

15. O proxecto presentado non xustifica o **tratamento de augas residuais**.

16. O proxecto presentado non xustifica o **abastecemento de auga**.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axetado o orzamento que figura na memoria técnica.

18. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

18.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

18.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

18.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

18.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

18.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

18.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

18.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre-torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

18.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

19. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a GANADERÍA VALIÑAS NÚÑEZ, representada por Benjamín Valiñas Núñez, para ampliación de explotación avícola de cebo, no lugar de Xastres, parroquia de Refoxos (Silleda), parcelas con referencia catastral 36052A06700117, 36052A06700127 e 36052A06700135, dacordo con informes anteriormente transcritos, indicándolle que:

- 1º.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.
- 2º.- Non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:
 1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras..

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Imposto sobre contrucións, instalación e obras por importe de 9.138,06 €

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.1 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 60,00 euros.

TERCERO.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

CUARTO.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANCO SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.


QUINTO.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuro de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes

a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaíese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal. dou fe e certifico.

Silleda, a 21 de Xuño de 2016



Vº e Prace
O ALCALDE,

Asdo. Manuel Cuiña Fernández



O SECRETARIO acctal.
(Decreto 01.06.2016)

Asdo. David García Lareo